

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E COMPETITIVIDADE

- 5378** *Real decreto 321/2015, do 24 de abril, polo que se modifican o Real decreto 677/1993, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para a concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros, e o Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, recolle no seu título V, dedicado á internacionalización da economía española, un conxunto de medidas encamiñadas a facilitar a internacionalización da economía e da empresa española, entendendo como internacionalización o fomento da proxección exterior da economía e a empresa española co obxectivo de garantir un patrón de crecemento económico sustentable. Para isto, as políticas de internacionalización esténdense a diferentes ámbitos da política económica, incluíndo as políticas de apoio á empresa, a promoción da competitividade, a política comercial ou as relacións coas institucións financeiras internacionais.

O capítulo III do dito título describe os instrumentos e organismos de apoio financeiro oficial á internacionalización da empresa e sinala que o Ministerio de Economía e Competitividade, a través da Secretaría de Estado de Comercio, promoverá unha xestión eficiente e coordinada deles.

En particular, a Lei 14/2013, do 27 de setembro, busca afrontar a dificultade de acceso ao financiamento externo por parte das empresas españolas, potenciando e dando maior flexibilidade aos instrumentos financeiros públicos dispoñibles no ámbito da internacionalización, en especial aqueles en mans do Instituto de Crédito Oficial (ICO), da Compañía Española de Financiación del Desarrollo Cofides, S.A. (Cofides), e do axente xestor designado polo Estado para a xestión da cobertura de riscos da internacionalización. Así, tal como se expresa na súa exposición de motivos, refórzanse algúns destes instrumentos de apoio financeiro (o Fondo para Investimentos no Exterior (Fiex), o Fondo para a Internacionalización da Empresa (Fiem) e o Convenio de axuste recíproco de xuros (CARI), mediante a incorporación de diferentes modificacións dirixidas a mellorar a súa xestión, eliminar determinadas restricións e ampliar o seu ámbito de actuación.

A recente crise financeira encareceu notablemente os custos de financiamento das entidades financeiras españolas. Esta situación incidiu negativamente no sistema de apoio á internacionalización da economía española no marco do Convenio de axuste recíproco de xuros ao reducir a rendibilidade das operacións percibida por estas entidades. Isto xerou un claro desincentivo para que estas participen no sistema e limitouse, así, o apoio que este instrumento pode brindar ás empresas españolas. Por isto, e co obxectivo de minimizar os efectos que sobre os exportadores españois pode ter esta situación, e como medida de estímulo dos créditos formalizados a través do sistema CARI, a Secretaría de Estado de Comercio, a través da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos, decide autorizar unha marxe adicional non incluída no tipo de xuro activo para convenios de crédito futuros formalizados no sistema CARI.

Por outra parte, Cofides queda recollida no artigo 55.1.a).ii) da referida lei como un dos organismos financeiros da acción do Goberno en materia de internacionalización. Cofides, creada mediante o Acordo do Consello de Ministros do 12 de febreiro de 1988, como entidade especializada no financiamento de operacións de investimento no exterior vía instrumentos de capital risco e capital expansión, ve ampliada a súa capacidade de actuación, xa que o dito artigo establece que, para a consecución dos seus obxectivos e

para contribuír á internacionalización da empresa e da economía españolas, Cofides, adicionalmente, prestará financiamento a empresas españolas para a súa internacionalización, mediante, entre outros, instrumentos de capital ou cuasicapital, así como mediante a participación naqueles vehículos ou fondos de investimento públicos ou privados que contribúan á internacionalización da empresa ou da economía españolas.

Entre os principais instrumentos de apoio financeiro á internacionalización que na actualidade xestiona Cofides encóntranse o Fondo para Investimentos no Exterior (Fiex) e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa (Fonpyme). Estes fondos creáronse mediante a Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e recóllese no artigo 55.b).i) da Lei 14/2013, do 27 de setembro. Pola súa parte, o artigo 56 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, incorpora unha modificación da Lei 66/1997, do 30 de decembro, para adaptar o funcionamento do Fiex ás maiores atribucións que o artigo 55.1.a).ii) da Lei 14/2013, do 27 de setembro, confire a Cofides.

Por todo o exposto, é preciso realizar unha modificación do Real decreto 677/1993, do 7 de maio, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para a concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros, e do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa. Así mesmo, aprovéitase esta modificación do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, para introducir cambios na súa redacción encamiñados a adaptar o funcionamento dos respectivos comités executivos do Fiex e do Fonpyme, aos cales lles corresponde a administración de cada un dos fondos en virtude da Lei 66/1997, do 30 de decembro, á súa actuación na práctica.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Competitividade, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de abril de 2015,

#### DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento de procedemento para a concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros, aprobado polo Real decreto 677/1993, do 7 de maio.*

O Regulamento de procedemento para a concesión de apoio oficial ao crédito á exportación mediante convenios de axuste recíproco de xuros, aprobado polo Real decreto 677/1993, do 7 de maio, queda modificado como segue:

Un. Introdúcese un novo número 3 no artigo 6 coa seguinte redacción:

«3. O tipo de xuro activo non incluírá a marxe ou comisión adicionais que aboe o debedor do crédito, ou un terceiro, ás entidades financeiras para lles facilitar a cobertura do seu custo de financiamento. A Secretaría de Estado de Comercio deberá autorizar, con carácter excepcional, a dita marxe ou comisión adicional para o cal lle poderá requirir á entidade financeira calquera información que considere oportuna para o efecto.

Esta marxe adicional, ao igual que as comisións adicionais que para o fin aquí mencionado poida cargar a entidade na operación, non serán consideradas dentro do tipo de xuro activo para efectos de realizar os axustes derivados do CARI.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior*

e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.

O Real decreto 1226/2006, do 27 de outubro, polo que se regulan as actividades e o funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Operacións do Fondo para Investimentos no Exterior.*

1. De acordo co establecido no número un do artigo 114 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na súa redacción actual o Fondo para Investimentos no Exterior ten como finalidade promover a internacionalización da actividade das empresas e, en xeral, da economía española, a través de participacións temporais e minoritarias directas no capital social de empresas españolas para a súa internacionalización ou de empresas situadas no exterior e, en xeral, mediante participacións nos fondos propios das empresas mencionadas anteriormente e a través de calquera instrumento financeiro participativo.

Con cargo ao Fondo tamén se poderán tomar participacións temporais e minoritarias directas naqueles vehículos ou fondos de capital expansión con apoio oficial xa existentes ou que se establezan, ou fondos de investimento privados, que fomenten a internacionalización da empresa ou da economía española.

2. As achegas realizadas con cargo e por conta do Fondo para Investimentos no Exterior en empresas constituídas no exterior realizaranse sempre en réxime de cofinanciamento, por iniciativa da empresa promotora do proxecto e de maneira que esta participe igualmente no financiamento da empresa estranxeira receptora do investimento realizado por conta do Fondo.

Os límites de participación do fondo determinaraos, con carácter xeral, o Comité Executivo do Fondo, en función de criterios tales como a natureza da operación, o sector concreto da actividade de que se trate, a importancia da participación relativa do promotor do proxecto, a existencia de efectos acumulativos sobre a política de fomento da internacionalización das empresas e, en xeral, da economía española, así como o apoio financeiro a proxectos con interese español e calquera outro criterio que resulte relevante.

3. Para efectos de asegurar un correcto funcionamento do réxime de financiamento arriba sinalado, o Comité Executivo do Fondo elaborará e aprobará unha guía operativa na cal se determinarán os distintos modelos de financiamento, así como os instrumentos financeiros que se deberán utilizar.»

Dous. O artigo 3 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Administración do Fondo para Investimentos no Exterior: O Comité Executivo.*

1. Conforme o establecido no número un do artigo 116 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o Fondo para Investimentos no Exterior será administrado por un comité executivo.

2. Corresponden ao citado Comité Executivo as seguintes funcións:

a) Avaliar e, se for o caso, aprobar ou denegar as operacións que lle sexan propostas pola xestora.

b) Analizar e valorar a evolución das operacións realizadas por conta do Fondo para Investimentos no Exterior tomando, por proposta da xestora, as medidas que se consideren máis adecuadas para asegurar a boa marcha das ditas operacións e o cumprimento dos obxectivos para os cales foi creado o Fondo.

c) Avaliar e, se for o caso, aprobar ou denegar propostas en relación con operacións xa formalizadas que lle propoña a xestora, entre outras e a título enunciativo e non limitativo, acordar desinvestimentos, quitacións e esperas, adherirse a convenios de acredores, pactar refinanciamentos, reestruturacións, renegociacións, recoñecementos de débeda ou transixir xudicial ou extraxudicialmente.

d) Avaliar e, se for o caso, aprobar ou denegar o sometemento a arbitraje ou outro medio de resolución de conflitos as contendas que se susciten respecto das operacións financiadas con cargo ao Fondo, a desistencia de accións legais xa iniciadas ou a renuncia temporal ao exercicio de accións legais.

e) Propor ao Goberno, a través da Secretaría de Estado de Comercio, calquera proposta que se considere necesaria para efectos de asegurar o correcto funcionamento do Fondo

f) Aprobar e remitir ao ministro de Economía e Competitividade e á Intervención Xeral da Administración do Estado as contas anuais do Fondo, así como a memoria anual prevista no artigo 20.

g) Establecer, por proposta da xestora, un límite de financiamento por operación en virtude de criterios operativos e para evitar a excesiva concentración de riscos, en función do incremento anual da dotación do Fondo, así como calquera outro límite operativo que se considere necesario establecer, para efectos de asegurar o correcto funcionamento do Fondo e o control do seu risco.

h) Avaliar e, se for o caso, aprobar os convenios de colaboración que, conforme ao artigo 2, lle eleve a xestora.

i) Aprobar os anteproxectos de orzamentos anuais do Fondo para a súa remisión ao ministro de Economía e Competitividade, de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

j) Verificar a adecuación da proposta de remuneración da xestora ás disposicións ditas polo ministro de Economía e Competitividade, de acordo co previsto no artigo 19, así como autorizar os pagamentos das ditas remuneracións.

k) Aprobar os gastos de estudo aplicables ás operacións con cargo ao Fiex que, por proposta da xestora, deberá pagar o promotor dos proxectos.

l) Solicitar á xestora calquera información necesaria para valorar os riscos que asume o Estado, así como determinar a información económico-financeira que, de forma específica ou periódica, deba ser remitida ao propio comité.

m) Establecer os criterios de elixibilidade que deban cumprir as empresas que soliciten financiamento directo con cargo ao Fiex.

n) Calquera outra inherente á administración do Fondo.»

Tres. Os números 1, 2 e 3 do artigo 4 quedan redactados do seguinte modo:

«1. O Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior estará presidido polo secretario de Estado de Comercio. O presidente do Comité Executivo estará asistido por dous vicepresidentes, nos cales poderá delegar as súas funcións; a Vicepresidencia Primeira corresponderalle ao director xeral de Comercio Internacional e Investimentos, e a Vicepresidencia Segunda ao presidente da xestora, a Compañía Española de Financiación del Desarrollo, Cofides, Sociedade Anónima. As reunións do Comité Executivo deberán estar sempre presididas polo presidente ou por calquera dos dous vicepresidentes.

2. Serán vogais representantes no Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior os seguintes:

a) Cinco representantes da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos.

b) Un representante da Dirección Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

c) Dous representantes de ICEX España Exportación e Investimentos.

- d) Un representante da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira.
- e) Un representante da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.
- f) Un representante do Instituto de Crédito Oficial.
- g) Un representante da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa.

3. Os vogais do Fondo para Investimentos no Exterior serán nomeados, por proposta do secretario de Estado de Comercio, polo ministro de Economía e Competitividade. Exercerán as súas funcións durante dous anos e poderán ser reelixidos unha ou máis veces por períodos de igual duración máxima.»

Catro. O número 2 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«2. A Compañía Española de Financiación del Desarrollo, Cofides, Sociedade Anónima, levará a cabo todas as accións relativas á xestión do Fondo para Investimentos no Exterior e, en particular, as seguintes:

- a) Recibir, estudar e avaliar as propostas de financiamento con cargo ao Fondo.
- b) Someter á consideración do Comité Executivo do Fondo as propostas que considere necesarias acerca das operacións que estudase.
- c) Subscribir e executar, en nome propio e por conta do Fondo para Investimentos no Exterior, os contratos que formalicen operacións aprobadas polo Comité Executivo.
- d) Efectuar o seguimento das operacións realizadas por conta do Fondo para Investimentos no Exterior, integrarse nos órganos de decisión ou administración das empresas en que participe, na medida en que teña dereito conforme o disposto no artigo 17.1, e asumir directamente a xestión operativa das ditas empresas cando proceda, de acordo co establecido no artigo 114.un da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e neste real decreto.
- e) Efectuar o seguimento da actividade dos vehículos ou fondos de capital expansión ou fondos de investimento privados en que participe por conta do Fondo para Investimentos no Exterior, integrarse nos seus órganos de decisión ou administración e asumir a súa xestión operativa cando resulte necesario para asegurar o cumprimento dos fins do Fondo para Investimentos no Exterior, sempre que isto non comporte que Cofides asuma a xestión directa das empresas en que o Fondo invista, caso en que será de aplicación o previsto no número anterior.
- f) Actuar como depositario dos contratos subscritos en nome propio e por conta do Fondo para Investimentos no Exterior e dos títulos acreditativos das participacións que se asuman ou subscriban con cargo a el.
- g) Formalizar, en nome propio e por conta do Fondo, todos aqueles contratos de concesión de préstamos e calquera outro instrumento financeiro previsto neste real decreto.
- h) Realizar os cobramentos e pagamentos derivados das operacións do Fondo para Investimentos no Exterior dentro dos máis estritos principios de prudencia financeira.
- i) Propor ao Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior negociar, acordar e liquidar os desinvestimentos que se poidan realizar cuxo importe, se for o caso, incrementará o Fondo. Así, entre outras propostas e a título enunciativo e non limitativo, poderá propor ao Comité Executivo do Fondo quitacións e esperas, adhesións a convenios de acredores, refinanciamentos, reestruturacións, renegociacións, recoñecementos de débeda ou transaccións xudiciais ou extraxudiciais.
- j) Propor ao Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior o sometemento a arbitraje ou outro medio de resolución de conflitos as contendas que se susciten respecto das operacións financiadas con cargo ao Fondo, a

desistencia de accións legais xa iniciadas ou a renuncia temporal ao exercicio de accións legais.

k) Actuar legalmente en interese e por conta do Fondo para Investimentos no Exterior.

l) Subscribir, logo de acordo do Comité Executivo, os convenios de colaboración que procedan con outros investidores que desexen participar nas actividades do Fondo para Investimentos no Exterior.

m) Propor ao Comité Executivo do Fondo un límite de asunción de risco por operación, así como calquera outro límite operativo que se considere necesario establecer, para efectos de asegurar o correcto funcionamento do Fondo e o control do seu risco.

n) Prestar os medios necesarios para o cumprimento das súas funcións ao secretario do Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior.

ñ) Rexistrar todas as operacións realizadas en nome propio e por conta do Fondo nunha contabilidade específica, diferenciada e independente da propia.

o) Elaborar os orzamentos anuais do Fondo.

p) En xeral, a xestora levará a cabo todas aquelas accións e iniciativas que resulten precisas para o bo funcionamento do Fondo para Investimentos no Exterior e subministrará ao Comité Executivo tanta información e documentación este solicite.»

Cinco. O artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 11. *Administración do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa.*

1. Conforme o establecido no número un do artigo 116 da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, o Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa será administrado por un Comité Executivo.

2. Corresponden ao citado Comité Executivo as seguintes funcións:

a) Avaliar e, se for o caso, aprobar ou denegar as operacións de investimento que lle sexan propostas pola xestora.

b) Analizar e valorar a evolución das operacións realizadas por conta do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa tomando, por proposta da xestora, as medidas que se consideren máis adecuadas para asegurar a boa marcha das ditas operacións e o cumprimento dos obxectivos para os cales foi creado o Fondo.

c) Avaliar e, se for o caso, aprobar ou denegar as propostas en relación con operacións xa formalizadas que lle propoña a xestora, entre outras e a título enunciativo e non limitativo, acordar desinvestimentos, quitacións e esperas, adherirse a convenios de acredores, pactar refinanciamentos, reestruturacións, renegociacións, recoñecementos de débeda ou transixir xudicial ou extraxudicialmente.

d) Avaliar e, se for o caso, aprobar ou denegar o sometemento a arbitraje ou outro medio de resolución de conflitos as contendas que se susciten respecto das operacións financiadas con cargo ao Fondo, a desistencia de accións legais xa iniciadas ou a renuncia temporal ao exercicio de accións legais.

e) Propor ao Goberno, a través da Secretaría de Estado de Comercio, calquera proposta que se considere necesaria para efectos de asegurar o correcto funcionamento do Fondo.

f) Aprobar e remitir ao ministro de Economía e Competitividade e á Intervención Xeral da Administración do Estado as contas anuais do Fondo, así como a memoria anual prevista no artigo 20.

g) Establecer, por proposta da xestora, un límite de financiamento por operación, por criterios operativos e para evitar a excesiva concentración de riscos,

en función do incremento anual da dotación do Fondo, así como calquera outro límite operativo que se considere necesario establecer, para efectos de asegurar o correcto funcionamento do Fondo e o control do seu risco.

h) Avaliar e, se for o caso, aprobar os convenios de colaboración que, conforme o artigo 10, lle propoña a xestora.

i) Aprobar os anteproxectos de orzamentos anuais do Fondo para a súa remisión ao ministro de Economía e Competitividade, de acordo co disposto no artigo 33 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

j) Verificar a adecuación da proposta de remuneración da xestora ás disposicións ditadas polo ministro de Economía e Competitividade de acordo co previsto no artigo 19, así como autorizar os pagamentos das ditas remuneracións.

k) O Comité Executivo do Fondo para Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa non poderá efectuar delegación ningunha, no que á aprobación ou denegación de operacións se refire, na xestora.

l) Solicitar á xestora calquera información necesaria para valorar os riscos que asume o Estado, así como determinar a información económico-financeira que, de forma específica ou periódica, deba ser remitida ao propio Comité.

m) Establecer os criterios de elixibilidade que deban cumprir as empresas que soliciten financiamento directa, con cargo ao Fonpyme.

n) Calquera outra inherente á administración do Fondo.»

Seis. O artigo 15 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 15. *Ámbito de actuación dos dous fondos.*

Non se poderán beneficiar dos apoios prestados por ningún dos dous fondos de fomento da internacionalización aquelas operacións de investimento no exterior que se formulen no sector inmobiliario, salvo que estean directamente afectas a unha actividade empresarial distinta, así como naqueles outros sectores ou países estranxeiros que expresamente exclúa o ministro de Economía e Competitividade por consideracións de política xeral.»

Sete. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 16. *Funcionamento dos dous comités executivos.*

1. Os comités executivos dos dous fondos de fomento da internacionalización regulados polo presente real decreto deberán reunirse, ao menos, unha vez en cada trimestre natural e sempre que sexan convocados polo presidente.

2. O Comité Executivo quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representados, os dous terzos dos seus compoñentes.

3. A toma de decisións no seo do Comité Executivo realizarase por maioría simple e será dirimente, en caso de empate, o voto de quen presida a reunión.

4. Os comités executivos dos dous fondos establecerán os seus propios regulamentos internos de funcionamento nos cales se recollerán, entre outros aspectos, os procedementos de información ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente sobre investimentos en proxectos que xeren créditos de carbono. Esta información remitirase a través da Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade.»

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de abril de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Economía e Competitividade,  
LUIS DE GUINDOS JURADO